

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 11 DE MAIO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Decreto polo que se crea e regula o Observatorio Autonómico dos ríos de Galicia

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada PO-408, situado entre os pp.qq. 0+000 e 1+280, cunha lonxitude de 1.28km, a prol do Concello de Salvaterra de Miño.
- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de Itinerario peonil e ciclista na PO-552. Treito: Coruxo-Roteas (p.q. 3+280 - 4+440), A Estea (p.q. 5+660 - 6+070), Priegue (p.q. 6+910 - 7+500), nos concellos de Nigrán e Vigo. PO/16/103.06.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, por un importe total de noventa e oito mil euros (98.000,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual, a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías nos

pagamentos anticipados, derivado da convocatoria das axudas do Igape a proxectos de formación Industria 4.0, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, por un importe total de setecentos mil euros (700.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidad de Deusto/DeustokoUnibertsitatea para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de dezanove mil catrocentos oitenta e sete euros con cincuenta e dous céntimos (19.487,52 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade Complutense de Madrid para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, a literatura e cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver nos anos 2017 e 2018 un programa de actuacións en materia de investigación lingüística, a través do Instituto da Lingua Galega, por importe de catrocentos trinta e seis mil setecentos euros (436.700 €)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Forcarei, feita a título gratuito polo Concello de Forcarei (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza contratación do servizo de xestión e dixitalización de documentación clínica da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, por un importe de seis millóns seiscentos corenta e oito mil noventa e dous euros con trinta e seis céntimos (6.648.092,36€), e un valor estimado de dez millóns setecentos trece mil oitocentos sesenta e sete con oitenta e catro céntimos (10.713.867,84€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se crean e regulan as unidades de asesoramento e xestión de explotacións agrarias (UAXE) e se modifica o Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Fundación EOI e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para o desenvolvemento da Estratexia Industria Conectada 4.0.
- Informe sobre a orde de axudas para formación de desempregados menores de 30 anos.
- Informe sobre as axudas para mellorar a liquidez das explotacións vitivinícolas afectadas pola xeadada.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a creación do Rexistro de Datos de Atención ao Ictus.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a recategorización dos botiquíns na pesca profesional costeira local.

GALICIA CONTARÁ CUN OBSERVATORIO DOS RÍOS DE GALICIA CO FIN DE POÑER EN VALOR O PATRIMONIO NATURAL-AMBIENTAL DOS LEITOS FLUVIAIS DA COMUNIDADE

- *Tal e como avanzou a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no parlamento, o Consello da Xunta aprobou iniciar o decreto polo que se regulará este organismo*
- *Trátase da primeira vez que se crea un órgano de asesoramento na Comunidade sobre o estado ambiental, económico, social e cultural*
- *Converterase na ferramenta para obter dun modo transversal e interdisciplinar información periódica e pormenorizada sobre o estado dos ríos galegos*
- *O Observatorio nace coa idea de contar cunha ampla e equilibrada participación, polo que a súa composición estará conformada por institucións e sectores implicados na conservación e xestión dos ecosistemas fluviais*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o inicio da tramitación do decreto polo que se creará o Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia, que nace co obxectivo de poñer en valor o patrimonio natural- ambiental dos leitos fluviais da Comunidade.

Galicia conta con 32.000 quilómetros de ríos, polo que a creación deste observatorio responde á necesidade de recoñecemento e protección do enorme valor patrimonial, tanto social como ambiental desta riqueza hidrográfica, así como a importancia que teñen na conservación da flora e da fauna que dependen deles para a súa supervivencia. A Consellería de Medio Ambiente, departamento do que dependerá, considera que transmitir este valores é parte do compromiso acadado por este Goberno coas xeracións futuras.

O observatorio concíbese como un órgano colexiado ao que, de acordo co principio de colaboración institucional, corresponde o asesoramento sobre o estado ambiental, económico-social e cultural dos ríos da Comunidade Autónoma de Galicia, a elaboración de informes e estudos, e a diagnose e proposta de medidas que axuden a definir as distintas políticas autonómicas de posta en valor dos ecosistemas fluviais de Galicia. O decreto, ademais de establecer a súa creación, tamén regula as súas funcións, composición e réxime de funcionamento.

Coa posta en marcha desta ferramenta abórdase este feito dun modo transversal e interdisciplinar para poder obter información periódica e pormenorizada sobre o estado dos ríos galegos; polo que unha das súas funcións será actuar como órgano de asesoramento, análise e difusión de información periódica relativa á situación dos ríos galegos.

Tamén deberá recoller e analizar información sobre as medidas e actuacións postas en marcha desde as diferentes instancias, públicas e privadas; promover e elaborar plans directores para os ríos galegos, nos que se recollan as políticas autonómicas en torno á promoción e valorización dos ríos como elementos destacados do patrimonio natural, económico e social galego.

Dentro das súas funcións, tamén destaca difundir a importancia dos ríos e as súas contornas naturais e promover boas prácticas na interacción da cidadanía cara a eles, así como promover a colaboración entre todas as institucións implicadas encamiñada á posta en valor dos ríos galegos.

Outra das finalidades coas que nace é a de actuar como foro de encontro interdisciplinar entre organismos públicos e as sociedades civís e do coñecemento e, por último, elaborará informes periódicos sobre o grao de cumprimento e efectividade das medidas adoptadas para a posta en valor dos ríos galegos.

Para acadar este reto é imprescindible impulsar a participación, tanto do colectivo de pescadores -cada vez máis esixente e implicado coa conservación e preservación do medio natural- como da sociedade en xeral, co fin de priorizar e establecer unhas directrices de xestión que permitan delimitar un marco que garanta un aproveitamento sustentable e a posta en valor destes espazos naturais, co fin de poder atender as cada vez máis presentes demandas sociais a favor da conservación da biodiversidade.

Composición

O Observatorio dos Ríos, que se creará ao amparo deste decreto, nace coa idea de contar cunha ampla e equilibrada participación, polo que a súa composición estará conformada por institucións e sectores implicados na conservación e xestión dos ecosistemas fluviais.

Estará formado por unha presidencia, unha vicepresidencia, unha secretaría e un total de 21 vogais, haberá representación das consellerías de Economía, Emprego e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Política Social; Medio Rural, Mar e a Axencia Galega de Turismo, por parte da Administración autonómica; haberá tamén representantes dos organismos das bacías competentes no territorio galego, como Augas de Galicia, Confederación Hidrográfica do Miño Sil, Confederación Hidrográfica do Douro e Confederación Hidrográfica do Cantábrico; así como representantes das tres universidades galegas, das asociacións ecoloxistas que teñan entre os seus fins estatutarios a defensa dos ecosistemas fluviais; a Federación Galega de Pesca e da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA, A PROL DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO, DO TRAMO DA ESTRADA PO-408 QUE PERCORRE O SEU TERMO MUNICIPAL

- *Trátase dun treito da estrada PO-408, situado entre os pp.qq. 0+000 e 1+280, cunha lonxitude de 1.28 km*
- *A Xunta levou a cabo un acondicionamento desta estrada, que incluíu a rectificación de trazado ao seu paso polo núcleo de Fornelos, tras o que se lle deu ao tramo antigo da vía a denominación de PO-408*
- *A estrada PO-408 rexistra un tráfico principalmente local, posto que conta cunha alternativa viaria clara, a estrada PO-403, con mellor nivel de servizo*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG) e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes*
- *Con esta transferencia, o Concello poderá actuar sobre esta vía, que pasa a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o cambio de titularidade dun treito da estrada PO-408, situado entre os pp.qq. 0+000 e 1+280, cunha lonxitude de 1.28km, a prol do Concello de Salvaterra de Miño.

A estrada PO-408, de 1,62 km de lonxitude, é un tramo antigo da PO-403, resultante do acondicionamento realizado nesta estrada. O tramo que percorre o concello de Salvaterra de Miño correspóndese co comprendido entre os pp.qq. 0 e 1+280.


Cómpre lembrar que a Xunta levou a cabo un acondicionamento desta estrada, que incluíu a rectificación de trazado ao seu paso polo núcleo de Fornelos, tras o que se lle deu ao tramo antigo da vía a denominación de PO-408. Deste xeito, a PO-408 rexistra un tráfico principalmente local, posto que conta cunha alternativa viaria clara, a estrada PO-403, con mellor nivel de servizo.

A Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou proposta favorable á transferencia de titularidade e o Pleno do Concello de Salvaterra de Miño aceptou o seu cambio de titularidade.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos

dous meses seguintes. Con esta transferencia, o Concello poderá actuar sobre esta vía, que pasa a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DE TRES TRAMOS DE SENDA NA ESTRADA PO-552, NOS CONCELLOS DE VIGO E NIGRÁN

- *Este itinerario, cun investimento de máis de 868.000 euros, está enmarcado no Plan de sendas de Galicia, na comarca de Vigo, que recolle a execución de 12,5 km de novas sendas cun orzamento global duns 5 millóns de euros*
- *O primeiro tramo, entre Coruxo e Roteas, iníciase onde finalizan as beirarrúas en Coruxo e constrúese senda polas dúas marxes ata o pavillón de deportes, continuaré pola marxe dereita ata a zona inicial de San Miguel de Oia*
- *O segundo tramo, na Estea, localízase na travesía de San Miguel de Oia; comezando no p.q. 5+600 e finaliza no 6+070, punto no que remata a travesía*
- *O último treito iníciase no punto en que comeza a travesía de Priegue (p.q. 6+910) e remata no 7+500, onde conecta coas beirarrúas existentes nas Rexas*
- *Executaranse obras complementarias como a mellora das paradas de bus existentes nos tramos obxecto da actuación, a adaptación da intersección do p.q. 3+520 ao paso da senda e a mellora da drenaxe na curva do p.q. 7+100 nas Rexas*

O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na estrada PO-552, nos treitos Coruxo - Roteas, A Estea e Priegue, nos concellos de Vigo e Nigrán.

O obxecto da actuación é a construción dunha senda peonil e ciclista na estrada PO-552, en tres treitos situados entre os pp.qq. 3+280 e 7+500. O orzamento base de licitación do proxecto de construción é de máis de 868.000 euros.

O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións das 32 predios necesarios para a execución de tres tramos de senda para uso peonil e de ciclistas na estrada PO-552 (Vigo – Tui), 25 delas no concello de Vigo e 7 no de Nigrán.

O primeiro tramo, entre Coruxo e Roteas, iníciase no p.q. 3+280, onde finalizan as beirarrúas existentes en Coruxo, e constrúese senda polas dúas marxes da estrada ata o p.q. 3+600, na zona do pavillón de deportes. Desde este punto seguirase pola marxe dereita ata o 4+440, punto situado na zona inicial de San Miguel de Oia.

O segundo tramo, na Estea, localízase na travesía de San Miguel de Oia, comezando no p.q. 5+600 e finaliza no 6+070, punto en que remata a travesía. Prevese a súa construción pola marxe dereita da estrada PO-552, porque na esquerda xa existe beirarrúa.

O último treito iníciase no punto en que comeza a travesía de Priegue (p.q. 6+910) e remata no 7+500, onde conecta coas beirarrúas existentes nas Rexas. Proxéctase tamén pola marxe dereita da estrada.

A sección tipo consta dunha senda dun largo mínimo de 1,8 metros, separada da calzada por unha zona axardinada e os bordos de separación nos tramos en que as características da estrada e as edificacións existentes o permiten.

Ademais da senda executaranse outras obras complementarias como a mellora das paradas de bus existentes nos tramos obxecto da actuación, a adaptación da intersección do p.q. 3+520 ao paso da senda, de modo que quedará habilitado un cambio de sentido para facilitar os xiros no sobrelargo existente neste punto, e a mellora da drenaxe na curva do p.q. 7+100, nas Rexas.

Plan de sendas

Este itinerario está enmarcado no Plan de sendas de Galicia, concretamente na comarca de Vigo, onde a Axencia Galega de Infraestruturas executará aproximadamente 12,5 quilómetros de novas sendas, cun orzamento que se achega aos 5 millóns de euros. A Xunta ten garantido o financiamento ao terse incluído estas actuacións no programa operativo de Galicia dos fondos europeos Feder para o período 2014/20.

Na estrada PO-552, o Plan de sendas recolle varios itinerarios peonís e ciclistas. Así, no paseo marítimo existente en Baiona diferenciaranse os espazos destinados a peóns ciclistas na zona próxima ao Parador. O contrato de obras xa está adxudicado e está previsto iniciar os traballos no mes de setembro para non causar molestias ao importante número de usuarios do paseo nos meses de verán. Na mesma estrada prevese complementar o itinerario na zona de Santa Marta, para o cal o proxecto xa está redactado.


Outra senda proxectada nesta comarca construírase na PO-331, desde O Porriño ata o paso superior existente sobre a AP-9 nas proximidades de Atín, no concello de Mos. A Consellería de Infraestruturas xa adxudicou o contrato para a execución desta actuación.

A Axencia Galega de Infraestruturas licitou o pasado mes de marzo os contratos para execución de dúas sendas máis: unha entre Amoedo e Pazos de Borbén, na PO-250, e outra na PO-325 que permitirá completar o itinerario peonil e ciclista existente nesta estrada en Nigrán.

O proxecto da senda para peóns e ciclistas na PO-340 entre Gondomar e A Ramallosa xa foi sometido a información pública en novembro de 2016. Nestes momentos estase

a ultimar a supervisión do proxecto para a súa próxima aprobación e licitación das obras este verán.

Actualmente atópase en período de información pública o proxecto dunha senda que comunica Navia (desde a glorieta da circunvalación VG-20) coa intersección á estrada a Samil. Tamén está en redacción o proxecto dunha senda na PO-411, en Parderrubias, no concello de Salceda de Caselas.



A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS DE FORMACIÓN DE EXPERTOS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

- ***A convocatoria está dotada con 98.000 euros para financiar as actividades formativas entre o 1 de setembro e o 31 de agosto de 2018***
- ***Os solicitantes deberán ter veciñanza administrativa en Galicia e estar en posesión dun título universitario***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao Acordo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para a concesión de seis bolsas de formación para expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento para o período 2017-2018.

A convocatoria está dotada con 98.000 euros que servirán para financiar as actividades de formación destes seis bolseiros entre o 1 de setembro de 2017 e o 31 de agosto de 2018. O seu obxectivo é apoiar a formación de expertos en cooperación internacional, cumprindo co establecido nos plans directores da cooperación galega, en especial no que se refire ao apoio á formación e á capacitación especializada de actores e axentes de cooperación.

Os destinos das bolsas serán a sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en Santiago de Compostela e as oficinas técnicas de cooperación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. O importe das bolsas será de 1.200 euros brutos mensuais máis os gastos de viaxe, no caso de que os destinos sexan no exterior, e 1.000 euros no caso de que os destinos sexan na sede da dirección xeral.

Entre outros requisitos, os solicitantes deberán ter veciñanza administrativa en Galicia, estar en posesión dun título universitario de licenciado/a, diplomado/a, grao ou equivalente; non ter desfrutado anteriormente doutra bolsa de formación no eido da cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia e non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa, entre outros.

XUNTA E ESTADO COLABORAN NUN PROXECTO PIONEIRO QUE FAVORECERÁ A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DE 30 PEMES INDUSTRIAIS GALEGAS

- *O Igape e a Fundación EOI asinarán un acordo que permitirá ás compañías diagnosticar a súa situación actual e avanzar na súa dixitalización a través de asesoramento especializado*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria activa tamén a segunda convocatoria para formar traballadores no ámbito da Industria 4.0, da cal se beneficiarán arredor de 1.000 persoas*
- *Dentro deste programa poderán desenvolverse plans formativos en eidos como robótica, big data, Internet das cousas, vehículos autónomos e loxística 4.0*
- *O Goberno galego destina máis dun millón de euros a estas dúas iniciativas, enmarcadas na Axenda da Industria 4.0*

A Xunta e o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade impulsarán este ano a transformación dixital de 30 pemes industriais galegas que poderán diagnosticar a súa situación actual e aplicar un plan para avanzar na súa dixitalización contando con asesoramento especializado. Será mediante un convenio pioneiro en Galicia entre o Igape e a Fundación EOI, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, para o desenvolvemento na Comunidade da Estratexia da Industria Conectada 4.0.

Este acordo conta cun orzamento de máis de 300.000 euros e permitirá o desenvolvemento do programa Activa Industria 4.0, mediante o cal as empresas participantes, seleccionadas a través dunha convocatoria aberta, recibirán asesoramento especializado e individualizado co apoio de consultoras con experiencia na implantación de proxectos da Industria 4.0. Así, contarán cun informe de diagnóstico da súa situación actual en materia de dixitalización, e un plan de transformación que será obxecto de seguimento. O programa de asesoramento finalizará coa celebración de varios obradoiros demostrativos.

Ademais, todas as pemes industriais que o desexen poderán utilizar a aplicación da iniciativa HADA, unha ferramenta de autodiagnóstico dixital avanzado que lles permitirá coñecer o seu grao de madurez dixital. A información xerada pola ferramenta será obxecto de análise para efectos informativos e para orientar as futuras accións das administracións públicas no fomento da Industria 4.0.

Estas iniciativas veñen reforzar outros proxectos que está a impulsar a Xunta no marco da Axenda Galicia-Industria 4.0, como os servizos dos programas ReAcciona e ReAcciona TIC, que apoiaron a aplicación de máis de 1.500 servizos avanzados de mellora en máis de 800 empresas galegas.

Impulso á formación

Tamén no marco desta folla de ruta, hoxe informouse no Consello da Xunta da segunda convocatoria do programa formativo que desenvolve a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, para impulsar a Industria 4.0 entre traballadores e mandos intermedios de empresas galegas. Poderán beneficiarse desta iniciativa arredor de 1.000 persoas, que trasladarán os coñecementos que adquiren sobre fábrica intelixente ás súas empresas para que así gañen en competitividade.

Este programa de axudas á formación 4.0, que conta cun orzamento de 700.000 euros, diríxese a organismos intermedios, como clústers e centros tecnolóxicos, que organicen programas formativos en que participen persoas vinculadas profesionalmente cunha peme galega, como empregados, autónomos dependentes, empresarios autónomos, socios ou administradores. A iniciativa apoiará programas de formación en eidos como robótica, *big data*, Internet das cousas, vehículos autónomos, ciberseguridade, loxística 4.0 ou eficiencia enerxética.

A diferenza da primeira edición, na cal se cubría o 50% do custo da acción formativa con independencia do tamaño do organismo intermedio, nesta ocasión a porcentaxe da axuda sobe ata o 70% no caso de que o beneficiario cumpra as condicións de pequena empresa e o 60% nas medianas. As actuacións poderán desenvolverse durante 2017 e o primeiro semestre de 2018.

Ao abeiro da primeira convocatoria do programa de formación en Industria 4.0, estanse a desenvolver proxectos colectivos de formación promovidos por clústers e centros tecnolóxicos como Ceaga, Clusaga ou Anfaco, por organizacións empresariais como as confederacións de Ourense e Lugo, e por diferentes colexios profesionais.

EDUCACIÓN RENOVA O ACORDO COAS UNIVERSIDADES DE DEUSTO E COMPLUTENSE PARA A PROXECCIÓN DO GALEGO

- *A Consellería destina case 31.500 euros a estas colaboracións, que se fan con outras universidades de España e de fóra*
- *A Xunta mantén unha rede de centros de estudos galegos que conta actualmente con 35 sedes noutros tantos campus de Europa e América*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación dos convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade Complutense de Madrid e a Universidade de Deusto/Deustuko Universtiteatea, para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.

No marco da renovación destes acordos, as universidades asinantes daranlles continuidade ás actividades que veñen desenvolvendo para o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos seus plans de estudo. Ademais, impulsaranse actividades relacionadas coa investigación, coa promoción e coa difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. Os convenios recollen tamén a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar estas accións, así como a contratación do lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas que, como complemento práctico ao seu programa de formación, colaborará na organización das ditas actividades.

Ademais, con cargo a estes convenios, contratarase un profesor lector por cada unha das universidades, coa suficiente e adecuada acreditación académica. Este persoal lector realizará o seu labor baixo a dirección do responsable do centro de estudos galegos e en permanente coordinación con el, e estenderanse as ditas actividades a toda a área de influencia do centro de estudos máis alá do ámbito académico.

Antecedentes

A creación dos centros de estudos galegos enmárcase na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece o desenvolvemento das accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. Por outra banda, estes centros responden aos obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua galega fixados no ámbito da proxección exterior.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Polo tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización, etc.). Así mesmo, complementan os programas formativos numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia.

A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN CO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA PARA O IMPULSO DE LABORES DE INVESTIGACIÓN

- *O orzamento para estes proxectos mantense en 240.000 euros*
- *O cambio lingüístico e o contacto de linguas na xuventude será unha das liñas de traballo, no marco dos obxectivos do novo plan de dinamización da lingua galega entre a xuventude*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración co Instituto da Lingua Galega (ILG) para os anos 2017 e 2018, a través da contía de 240.000 euros aprobada hoxe polo Consello da Xunta para tal fin. A través deste acordo, ampliaranse os corpus do Inventario Toponímico Galego-Portugués, do Arquivo Galego Oral e do Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués, ademais de elaborarse novos volumes do Atlas Lingüístico Galego (ALGa). Así mesmo, ampliarase o Corpus Informatizado Galego-portugués Antigo e deseñarase unha nova aplicación informática e continuarase cos traballos das Coleccións Documentais Medievais.

Por outra banda desenvolverase o *Corpus para a análise de dificultades na produción escrita en lingua galega*, a través de textos elaborado por estudiantado de educación secundaria, de maneira que os datos acadados axuden a desenvolver ferramentas específicas que permitan mellorar as competencias a cada tipo de falante.

Asemade, impulsarase o proxecto denominado 'Cambio lingüístico e contacto de lingua na xuventude', co que a colaboración entre as dúas institucións busca investigar as características da lingua da xeración de galegofalantes de entre 18 e 25 anos, os cambios lingüísticos e a influencia da lingua inicial dominante na produción lingüística da xente nova, no marco dos obxectivos do que será o primeiro plan de dinamización da lingua galega entre a xuventude da Xunta de Galicia.

Deste xeito dáselle continuidade á colaboración establecida no ano 1987 -que a partir de 1994 se vén plasmando na sinatura ininterrompida de convenios- para a recolleita de material dialectal lingüístico galego a partir dos que se elaboran os traballos científicos sobre gramática e lexicografía.

Un referente na investigación lingüística

O ILG é un centro de investigación de recoñecido prestixio na súa contribución ao desenvolvemento da investigación científica sobre a lingua galega. Os seus traballos, centrados na lexicografía, na xeografía lingüística e dialectoloxía, na onomástica, na fonética, na gramática, na sociolingüística e na historia da lingua supoñen uns recursos imprescindibles no campo filolóxico e lingüístico que lles dan resposta ás necesidades

do conxunto da sociedade e á consulta e utilización de investigadores ou de público en xeral.

En recoñecemento ao frutífero labor desenvolvido por este instituto de investigación a prol da lingua galega nos últimos 40 anos a Xunta concedeulle en 2011 a Medalla de Ouro de Galicia, a máxima distinción outorgada polo Goberno galego.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE FORCAREI

- *Trátase do primeiro do grupo de 18 centros de saúde dos cales o Sergas asumirá os gastos*
- *En total xa hai 49 centros cedidos á Comunidade Autónoma ao abeiro do pacto local*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Forcarei, feita a título gratuito polo Concello de Forcarei (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde.

Trátase do primeiro do grupo de 18 centros de saúde dos cales o Sergas anunciou hai unhas semanas a asunción dos seus custos de mantemento. Ademais de Forcarei, están os centros de saúde da Laracha, Laxe, Présaras (Vilasantar), As Pontes, Mugaridos, Folgoso do Courel, Meira, Xove, A Peroxa, Anafáns (Poio), Ribadumia, Mondariz, Chapela (Redondela), Boiro, Brión, Silleda e Touro. Esta transferencia suporá un custo anual de preto dun millón de euros para a Xunta de Galicia.

Estes centros de saúde súmanse aos 49 centros cedidos xa á Comunidade Autónoma no eido do pacto local.

O proceso de asunción é, en todo caso, voluntario para os concellos, que previamente asinan uns convenios en que se establecen as bases da cooperación co Sergas para “a cesión da propiedade do centro de saúde do que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos do mantemento do seu”. O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios co fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gastos de mantemento.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros ao Servizo Galego de Saúde.

Pacto local

Entre as actuacións recollidas no Pacto local, acordo asinado en xaneiro de 2006 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), está a asunción por parte da Comunidade Autónoma dos custos de mantemento dos centros de saúde a cargo dos concellos.

Isto concretouse nun protocolo formalizado en decembro de 2008 entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp sobre asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, no cal se establece o procedemento que cómpre seguir para a cesión da propiedade -voluntaria para os municipios- das devanditas instalacións ao Servizo Galego de Saúde.

O SERGAS DIXITALIZARÁ EN OITO MESES DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA DE 454.000 HISTORIAS CLÍNICAS DA EOXI DE CORUÑA

- *Destina máis de 6,6 millóns de euros para a contratación coa que impulsará a dixitalización nesta área*
- *Os profesionais sanitarios poderán recibir ou acceder a calquera información asistencial en formato electrónico as 24 horas do día os 365 días do ano e deixarase de xerar e mobilizar papel*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente de contratación que impulsará o servizo de xestión e dixitalización de documentación clínica da estrutura organizativa de Xestión Integrada (EOXI) da Coruña garantindo as condicións óptimas de seguridade de conformidade coa normativa vixente. O orzamento total de licitación é de 6.648.092,36 € (IVE incluído) ata o ano 2021.

Na área da Coruña serán dixitalizados documentos clínicos pertencentes a 454.000 historias clínicas que nun prazo de oito meses desde a adxudicación do contrato deixarán de moverse fisicamente en formato papel e que permitirá aos profesionais sanitarios acceder a calquera información clínica en formato electrónico as 24 horas do día os 365 días do ano.

Trátase de documentos aínda non incorporados á historia clínica electrónica, como radiografías de urxencias, ensaios clínicos, informes de servizos como Anatomía Patolóxica e endoscopias dixestivas, ou documentación do banco de sangue, entre outros.

Con esta contratación vanse dixitalizando e incorporando progresivamente todos eses documentos a IANUS, que é a plataforma electrónica que xestiona a historia clínica electrónica e receita electrónica do Sergas. Nesta primeira fase dixitalizarase o arquivo activo e integrarase a documentación que falta ás historias clínicas dos pacientes que tiveron algún episodio asistencial, tanto de hospitalización como de consultas externas ou de hospital de día nos últimos 36 meses. Posteriormente, dixitalizarase o arquivo pasivo, formado polas historias clínicas dos pacientes que non tiveron ningún episodio asistencial nos últimos 36 meses ou dos falecidos.

Na actualidade, todos os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde dispoñen de acceso aos historiais electrónicos a través de IANUS. Non obstante, as xerencias sanitarias contan cun gran volume de documentación complementaria ao historial que non está incorporada de forma electrónica e que se complementa con documentación en papel que precisa dun servizo de custodia, xestión e repartición para a correcta prestación asistencial.

Este novo expediente inclúe tamén o almacenamento e custodia dos documentos orixinais en soporte papel ata que se poida destruír, así como os traslados deste material aínda en formato físico (mentres non estea dixitalizado) desde os arquivos aos servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, do Hospital Virxe da Xunqueira de Cee e dos centros de saúde da área.

A dixitalización achega ao sistema sanitario unha maior seguridade no manexo da información, maior equidade na asistencia, un aumento da calidade asistencial, unha mellora na toma de decisións, rapidez no diagnóstico, eficiencia dos recursos e unha mellora ambiental, entre outras vantaxes.

A XUNTA CREARÁ UNIDADES DE ASESORAMENTO E XESTIÓN DE EXPLOTACIÓNS PARA QUE OS GANDEIROS QUE SE RETIREN POÑAN Á DISPOSICIÓN DOUTROS AS SÚAS TERRAS E ACTIVOS

- *Trátase dun novo instrumento que informará daquelas parcelas agrícolas infrautilizadas, así como dos equipamentos susceptibles de ser arrendados ou comprados para aumentar a base territorial e a competitividade doutras granxas*
- *Cada provincia terá a súa propia UAXE cun catálogo de explotacións de intermediación entre particulares*
- *A medida forma parte do Plan de fixación de poboación do rural e calcúlase que podería botar a andar nuns cinco meses*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o inicio do procedemento de aprobación do decreto que creará e regulará as unidades de asesoramento e xestión de explotacións Agrarias (UAXE). Este novo órgano permitirá mediar entre gandeiros e agricultores para que aqueles que decidan cesar na súa actividade poñan as súas terras e outros activos á disposición doutros profesionais. Deste xeito evitarase o abandono de terras e instalacións, ao tempo que se aumenta a base territorial doutras granxas facéndoas máis competitivas.

Haberá unha UAXE en cada provincia e o primeiro paso para a súa creación será incorporar ao Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia un novo apartado denominado Sección de Explotacións Susceptibles de Intermediación, coa finalidade de crear unha plataforma que informe e facilite o contacto entre os propietarios de parcelas agrícolas. Estas novas unidades recompilarán información sobre explotacións agrarias xa abandonadas ou susceptibles de cesar nas súas actividades, que permitan ser de novo postas en funcionamento. Poderase actuar de oficio ou por instancia da persoa interesada.

Así, aqueles gandeiros e agricultores que queiran arrendar ou adquirir en propiedade terreos ou equipamentos terán un instrumento público que lles permitirá coñecer que explotacións agrarias son susceptibles de ser compradas ou arrendadas, así como todos os seus datos. No caso de que se tome unha decisión, o banco de terras, dependente do Agader, e o resto de membros da UAXE actuarán como mediadores para favorecer a tramitación e dar seguridade xurídica. Falamos, polo tanto, dunha nova medida transversal na cal traballarán diferentes departamentos da Consellería do Medio Rural e integrada no Plan de fixación de poboación no rural anunciado hai uns meses polo presidente da Xunta.

O decreto, que se calcula que poderá estar listo nuns cinco meses, persegue diferentes obxectivos a un tempo, como o de asegurar a continuidade das explotacións agrarias, facelas máis grandes e, polo tanto, máis competitivas. Deste xeito, favorécese a

economía e o emprego no rural e contribúese á fixación de poboación. Ao mesmo tempo, lóitase contra o abandono de terras con aptitudes agrarias e, como consecuencia, hai menor risco de incendios, pragas e enfermidades fitosanitarias en predios lindeiros.

GALICIA ACTIVA UN PROGRAMA PARA IMPULSAR A ESPECIALIZACIÓN DE 2.500 MENORES DE 30 E QUE INCLÚE POR PRIMEIRA VEZ FORMACIÓN Á PORTA

- *Os mozos e mozas pertencentes aos 140 concellos do rural galego sen centros homologados terán prioridade nesta iniciativa que, cun orzamento de 4,3 millóns, forma parte do Sistema de garantía xuvenil e está homologada con certificados de profesionalidade con validez en toda España*
- *O Plan enmárcase na Axenda 20 para o Emprego e dá continuidade á iniciativa que aprobou a Xunta con 90 millóns para contratar 10.000 menores de 30 anos ata 2020*
- *É o primeiro programa da Xunta que incorpora a modalidade de formación á porta coa cal se achegarán as accións formativas a estas localidades a través de centros móbiles ou lugares habilitados nos concellos*
- *A formación, que poderán impartir empresas, entidades sen ánimo de lucro e administracións locais, axustarase ás necesidades da actividade empresarial da zona e primaranse as especialidades con maior inserción laboral e enfocadas ao uso das novas tecnoloxías*
- *O obxectivo desta actuación, que se desenvolverá entre 2017 e 2018, é seguir reducindo o desemprego xuvenil, que no último ano caeu nun 15,78%, e achegar a formación ao rural creando emprego estable e fixando poboación nestas zonas*

A Xunta activa un novo programa pioneiro de formación para desempregados dirixido especificamente para menores de 30 anos, un colectivo prioritario en todas as políticas activas de emprego da Xunta. Este plan, no cal se investirán 4,3 millóns de euros entre 2017 e 2018, prevé formar, a través de 160 cursos, preto de 2.500 mozos e mozas, e por primeira vez inclúe a modalidade de formación á porta, aquela dirixida aos 140 concellos do rural galego que non contan con centros homologados.

Deste xeito, estas localidades terán prioridade nesta iniciativa que forma parte do Sistema de garantía xuvenil e está homologada con certificados de profesionalidade con validez en todo o territorio nacional. A formación á porta está enmarcada dentro do Plan de formación e emprendemento no rural, que ten como obxectivo fixar poboación nas zonas menos poboadas de Galicia e aumentar as oportunidades laborais dos seus habitantes. En concreto, consiste en achegar a impartición dos cursos a través de centros móbiles ou lugares habilitados nos concellos. Un dos obxectivos principais desta actuación é achegar a formación ao territorio creando emprego de calidade e fixando poboación no rural.

Os cursos axustaranse ás necesidades do tecido empresarial de cada zona, ao tempo que se primarán as accións con maior inserción laboral e enfocadas ao uso das novas tecnoloxías.

Poderán optar ás axudas do Goberno galego para impartir estes cursos os centros formativos acreditados e/ou inscritos pola Xunta para ofrecer formación profesional para o emprego, xa sexan empresas, entidades sen ánimo de lucro e concellos.

A orde de axudas ten un carácter bianual para facilitar a realización de cursos máis complexos e cun maior período de duración. Polo tanto, a cualificación será máis completa e ofrecerá, deste xeito, maiores oportunidades laborais e máis capacitación aos participantes.

Impulso ao emprego xuvenil

Esta nova proposta enmárcase na Axenda 20, coa cal o Goberno galego está impulsando o emprego estable e de calidade, e dá continuidade a iniciativa que aprobou a Xunta con 90 millóns de euros para contratar 10.000 mozos e mozas en Galicia ata 2020, un programa que ofrece formación en centros públicos da Xunta baseada nas necesidades que identifique o tecido empresarial.

É unha experiencia piloto destinada principalmente aos profesionais que requiren en Industria 4.0 e no sector agroalimentario. A Administración autonómica acredita ás empresas que se adhiran a este proposta que deberán contratar os mozos por un mínimo dun ano. Para iso, a Consellería achega 7.000 euros por participante para que accedan ao mercado laboral: 5.000 para a empresa para incentivar a contratación e 2.000 para que, a través dun bono formación, a persoa contratada poida completar a súa etapa formativa dentro da propia compañía.

Esta medida, xunto con aquela da cal se informa hoxe no Consello da Xunta, forma parte das accións que está poñendo en marcha o Goberno galego para impulsar o emprego xuvenil. Na última lexislatura investíronse 150 millóns en políticas activas de emprego xuvenil. Este compromiso da Xunta contribuíu a diminuír as cifras de desemprego neste colectivo. Así, no último ano o paro entre os menores de 30 anos reduciuse nun 15,78%, e creceu a contratación a tempo completo nun 16,65% no último ano. Os menores de 30 son, ademais, o colectivo de idade que proporcionalmente máis reduciu o paro na evolución anual.

Formación para desempregados

A formación como panca de cambio é unha das prioridades do Goberno galego e, por iso, a Xunta incrementou este ano a formación para o emprego nun 21,6%, chegando ata os 86,2 millóns de euros. Esta inclúe, entre outras actuacións, ademais dos cursos de formación para persoas sen traballo, accións formativas para ocupados, obradoiros

e programas integrados de emprego, lanzadeiras e convocatorias para o recoñecemento da experiencia profesional.

No referido especificamente para formación para desempregados, a Xunta está a investir con este programa exclusivo para menores de 30 anos e outros tres xa aprobados este ano para persoas desempregadas sen límite de idade un total de 65 millóns de euros, o que permite unha oferta formativa de preto de 18.000 prazas en 1.200 cursos.

A XUNTA MOBILIZARÁ 10 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA LIQUIDEZ DAS EXPLOTACIÓNS VITIVINÍCOLAS GALEGAS AFECTADAS POLA XEADA

- *As Consellerías de Economía, Emprego e Industria e do Medio Rural promoven esta nova liña de apoios que permitirá a bonificación dos tipos de xuro e axudar na instrumentación das garantías requiridas polas entidades bancarias*
- *O programa reducirá a custe cero o tipo de xuro dos préstamos concedidos polas entidades para refinanciamento de pasivo ou acceso ao circulante*
- *A medida encádrase dentro do paquete de medidas que está a desenvolver o Goberno galego co obxectivo de axudar ao sector vitivinícola*

A Xunta de Galicia, dentro do seu compromiso de axudar ás explotacións do sector vitivinícola galego que se viron afectadas pola xeada, acordou hoxe abrir unha nova liña de apoios que permitirá mobilizar 10 millóns de euros. O principal obxectivo é xerar unha maior liquidez a adegas e viticultores, é dicir, a autónomos, sociedades civís, cooperativas e sociedades mercantís con tamaño de pequena e mediana empresa.

A iniciativa, aprobada hoxe no Consello da Xunta e promovida polas Consellerías de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, e do Medio Rural, contribúe a bonificar os tipos de xuro e facer fronte ás garantías requiridas polas entidades bancarias ás empresas do sector. Neste sentido, os apoios buscan rebaixar os xuros tanto para préstamos concedidos para o refinanciamento de pasivos como para acceso a circulante.

Na mesma liña que se persegue coas axudas que se abriron para o sector lácteo, o programa permitirá reducir a custe cero o tipo de xuro dos préstamos outorgados polas entidades bancarias nestes dous campos -refinanciamento de pasivo e circulante-. Este límite vén determinado pola normativa actual, que establece nesta cifra a contía máxima de axuda que se pode obter para cubrir os gastos financeiros e as comisións de avais.

O prazo para o refinanciamento deberán ter un mínimo de 3 anos. En ambos casos, cando a operación leve incorporado aval dunha Sociedade de Garantía Recíproca (SGR), compensarase a comisión de constitución. Ademais, cando a operación sexa de outorgamento de circulante, o Igape reavalará ás propias SGR o 25% do risco.

Esta é unha das medidas postas en marcha desde a Xunta de Galicia para atallar os danos provocados polas xeadas. A Consellería do Medio Rural traballa xa na elaboración dunha orde de axudas para a replantación para aqueles viticultores que perdan plantas poidan asegurar a produción dos próximos anos. Doutra banda, trátase de impulsar o pago áxil das pólizas de seguros, para que os profesionais teñan unha compensación canto antes.

A nivel técnico, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega), dependente da Consellería do Medio Rural, fixo tamén unha serie de recomendacións técnicas para que os viticultores soubesen como actuar sobre as súas viñas, así como unhas xornadas nas que se lles explicaron estas prácticas sobre o terreo.

Ademais, a titular de Medio Rural, Ángeles Vázquez, está en conversacións co ministerio, que se mostrou sensible con esta cuestión e estudará unha nova rebaixa fiscal para as zonas afectadas e outras posibilidades de colaboración, por exemplo, a través de financiamento de circulante e a unificación dos tipos de interese.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE CREA O REXISTRO GALEGO DE ICTUS COMO ELEMENTO CLAVE PARA A MELLORA DO PLAN GALEGO

- *Permitirá a realización de análises epidemiolóxicas e de autoavaliación para a mellora da calidade na abordaxe da atención a esta patoloxía*
- *Establécese tamén a creación dunha comisión para o control e seguimento do rexistro e para a avaliación do funcionamento do plan*
- *O Plan ictus do Servizo Galego de Saúde, iniciado en xullo de 2016, está a permitir a diminución da mortalidade e secuelas das persoas que sofren un ictus isquémico en Galicia*
- *Máis de 1.000 persoas beneficiáronse deste plan en Galicia nos dez meses de funcionamento*

A Consellería de Sanidade formaliza a creación do Rexistro Galego de Ictus e establece os criterios de coordinación para a atención desta patoloxía nos pacientes do Servizo Galego de Saúde, así como a Comisión de Expertos para o seu control e seguimento. O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou tamén o Consello da Xunta dos datos de balance do Plan ictus do Sergas, iniciado en xullo de 2016.

Esta ferramenta de xestión permitirá a realización de análises epidemiolóxicas e de autoevaluación, así como unha mellora na planificación e ordenación de recursos, para a mellora da calidade na abordaxe da atención a esta patoloxía.

As inscricións obrigatorias do Rexistro Galego de Ictus serán todos aqueles episodios relacionados coa atención do paciente. As variables mínimas que se deben rexistrar son: centro que realiza a chamada, hora de inicio dos síntomas e hora de chamada ao 061, hospital onde foi realizada a primeira atención, hora de chegada ao hospital, e tipo de ictus, entre outros.

A rapidez no diagnóstico e tratamento é determinante na abordaxe do ictus; por iso estas variables mínimas que define o Sergas xiran arredor deste tempo de resposta, tal e como indica o lema da campaña do Plan Galego de ictus: *O tempo é cerebro*.

Persoas beneficiadas polo plan

Nestes dez primeiros meses de funcionamento, activouse o Código Ictus en 1.052 ocasións; realizáronse 324 tratamentos de fibrinólise intravenosa (que é unha técnica de recanalización vascular), e 82 trombectomías (tratamento intervencionista para recanalizar a obstrución que está producindo o ictus).

O Plan ictus do Servizo Galego de Saúde permite diminuír a mortalidade das persoas que sofren un ictus isquémico en Galicia. Basicamente o plan consiste no emprego da telemedicina para coordinar a atención a través do Centro de Atención ao Ictus (CAI),

que dá soporte técnico aos centros hospitalarios e que está coordinado por un profesional de neuroloxía que realiza gardas localizadas para dar soporte ao médico que estea atendendo un episodio. O obxectivo é diminuír o tempo transcorrido entre o inicio dos síntomas e a chegada ao hospital, reducir a demora na confirmación diagnóstica, adecuar o procedemento terapéutico ás necesidades específicas asistenciais do paciente e coordinar a actuación entre os distintos profesionais.

Criterios de coordinación homoxeneos para todas as xerencias

O plan require unha estreita colaboración entre os servizos de emerxencias médicas, os centros de atención primaria e os hospitais comarcais, e os centros de referencia. Así, a instrución da cal se informa hoxe, establece a coordinación co Centro de Atención ao Ictus (CAI) coas unidades de ictus (son unidades hospitalarias situadas en áreas xeográficas ben definidas e integradas por un equipo multidisciplinar e especializado no coidado e tratamento destes pacientes), e equipos de ictus (que é o grupo interdisciplinar de especialistas que, sen dispoñer dunha estrutura xeográfica delimitada, colabora no diagnóstico e tratamento dos pacientes de ictus).

Neste sentido, cando unha persoa sufra algún dos síntomas debe chamar, ben ela ou ben algún acompañante o 061. Estes síntomas resúmense en tres F: *Fala* (non ser capaz de dicir correctamente palabras simples), *Forza* (non poder elevar os brazos á mesma altura máis de dez segundos) e *Faciana* (non mostrar todos os dentes ao sorrir).

Nese momento, o médico deste organismo confirmará a existencia do ictus a través do protocolo específico, activará un código ictus e unha ambulancia recollerá o paciente para o seu traslado ao hospital máis próximo, mentres a central do 061 avisa da súa chegada. Unha vez no hospital, terá acceso prioritario ao Servizo de Radioloxía do centro, onde se lle fará un TAC cranial de diagnóstico.

Os médicos de urxencias contactarán co Centro de Atención ao Ictus, que estará dispoñible as 24 horas do día os 365 días do ano. Naqueles casos que polas súas características sexan susceptibles de fibrinólise, esta medicación será administrada no propio servizo de urxencias.

A través de videoconferencia co neurólogo do Centro de Atención ao Ictus, este poderá examinar á persoa mediante unha cámara web de alta resolución, interrogala e interpretar o TAC que se lle realizou. Logo desta avaliación, decidirá se o paciente é candidato a ser trasladado a un hospital cunha unidade de ictus -en Galicia hai tres, na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo- para a realización dunha trombectomía no menor tempo posible.

GALICIA PIDE Á UNIÓN EUROPEA UNHA NOVA CATEGORÍA DE BOTIQUÍN QUE DEA RESPOSTA ÁS NECESIDADES DA FROTA DE BAIXURA

- *Solicita a creación dunha nova categoría denominada "C-LOCAL" para simplificar os contidos do botiquín tipo "C" que teñen que levar obrigatoriamente na actualidade as embarcacións de artes menores*
- *O Consello da Xunta avaliou un informe que recolle o traballo realizado ata agora pola Administración galega sobre os botiquíns e que foi entregado hai uns días polo presidente da Xunta e a conselleira do Mar ao director xeral de Asuntos Marítimos e Pesqueiros da Comisión Europea*
- *O documento trasladado a Bruxelas tamén recolle a necesidade de resumir e actualizar os contidos da guía sanitaria que debe levar o botiquín*

Galicia solicita á Unión Europea que considere a posibilidade de realizar unha reclasificación dos botiquíns e engada unha nova categoría, denominada "C-LOCAL", para as embarcacións de artes menores, é dicir, os buques que navegan e pescan dentro das augas interiores ou en zonas situadas a menos de 10 millas náuticas da costa. Esta é unha das demandas que reflicte o informe que recolle o traballo realizado pola Administración galega ata o momento na materia e as conclusións do grupo de traballo creado co sector.

O documento foi avaliado esta mañá polo Consello da Xunta e entregado hai uns días polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e pola conselleira do Mar, Rosa Quintana, ao director xeral de Asuntos Marítimos e Pesqueiros da Comisión Europea, João Aguiar, durante unha visita a Bruxelas.

Con esta nova categoría simplificaríanse os contidos do botiquín tipo "C", que teñen que levar obrigatoriamente na actualidade as embarcacións de artes menores. Unha frota que faena moi preto da costa e á cal se lle require un botiquín con medicamentos que é complicado de utilizar pola pequena dimensión das embarcacións e debido a que non teñen ponte. Ademais, hai medicamentos que están obrigados a levar e que non necesitan nin utilizan. Cabe lembrar que esta solicitude de nova categorización xa foi realizada a través dunha misiva á ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, o pasado mes de marzo.

Ademais, o documento trasladado á UE recolle tamén a necesidade de resumir e actualizar os contidos da guía sanitaria que debe levar o botiquín e sinala que o seu formato debe ser do tipo dunha ficha plastificada para evitar a súa deterioración. Outro dos aspectos que propón é levar o botiquín nunha mochila, xa que é máis práctica e máis sinxela de acomodar na embarcación. Ademais, tamén recomenda que sexa obrigatorio actualizar a formación sanitaria cando se produza unha modificación do contido dos botiquíns por incorporar novos medicamentos ou materiais médicos.

Xestións da Xunta

A Xunta trasladou á Unión Europea en decembro do ano pasado a realidade da frota galega de baixura ante o titular de emprego da Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da UE, Stefan Olsson. Fíxoo coincidindo coa revisión que está a facer a Unión Europea sobre a normativa que regula estes aspectos e ante as peticións da frota de artes menores de reducir os contidos do botiquín e adaptalos ás necesidades inherentes deste segmento de frota.

Ademais, de cara a achegar información complementaria á UE na materia, en xaneiro deste ano as consellerías do Mar, Sanidade e de Economía, Emprego e Industria, a través do O61 e do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga), constituíron un grupo de traballo para reforzar e continuar coa defensa dos intereses da frota de baixura en relación coas obrigas sobre o botiquín. O obxectivo era reunir máis información para complementar as propostas de Galicia trasladadas á Unión Europea en defensa da flexibilización das obrigas esixidas a esta frota.